

## ALERTA POLA CHEGADA DUNHA BORRASCA DE GROENLANDIA, CON NEVE E ONDAS DE 9 METROS

*A borrasca provoca o primeiro aviso de nivel vermello do outono, debido a ondas de máis de oito metros na costa entre Corrubedo e Ribadeo*

12/11/2019

Galicia vivirá no que queda de semana unha situación de pleno inverno, con **fortes ventos, chuvia, neve e grandes ondas no mar**. A responsable desta situación haina que buscar en **Groenlandia**, de onde procede a borrasca **Cecilia**, o nome que lle corresponde ao temporal que se deixará notar nas vindeiras horas. A principal novidade é a do **primeiro aviso de nivel vermello** do outono, que estará activado o xoves desde as 12 do mediodía e ata a medianoite na costa de Muros a Ribadeo, debido a mar combinada con **ondas de máis de oito metros**.



*Mapa de avisos previsto para o xoves, coa chegada de Cecilia.*

Tal e como explica desde MeteoGalicia **Juan Taboada**, "é unha borrasca que vén polo Atlántico desde Groenlandia e desprázase rapidamente ata o **norte da Península**, porque nas **Azores** hai un anticiclón que xera un corredor e trae este temporal directamente cara a Galicia". A situación máis perigosa, con todo, estará no mar, xa que se combina a forza das ondas que viaxan polo atlántico co impulso do vento na mesma dirección, o que as fará medrar por riba dos citados oito metros.

O **xoves chegará** o máis intenso con Cecilia: ademais da auga, o vento superará os 80 km/h nas provincias atlánticas, e a neve deixarase ver en gran parte do país. O aviso amarelo activouse por agora só no leste de Lugo e Ourense, pero algúns modelos da Axencia Estatal de Meteoroloxía (Aemet) apuntan a que se poderán ver folerpas en gran parte das dúas provincias, mesmo nas zonas máis altas de Pontevedra e A Coruña. Juan Taboada anticipa que as nevaradas por **riba dos 800 metros van ser "bastante considerables" en Galicia**.

A propia Aemet emitiu no mediodía do martes un **aviso especial** que fala de **espesores de ata 30-50 centímetros** nas zonas máis altas, e de 5-10 cm entre 800 e 900 metros. A precipitación en forma de choiva podería sumar en poucas horas máis de 100 litros por metro cadrado.

Agárdase que a partir do venres a situación sexa máis estable, pero é posible que para a fin de semana regresen as chuvias e o vento con intensidade.

## COMPRESIÓN LECTORA

1. Cal é o nome da borrasca que chegou a Galicia este xoves?
2. Qué fenómenos atmosféricos provocan que Galicia estea en alerta?
3. Cal é a novidade desta borrasca?
4. De onde ven a borrasca?
5. Qué velocidade pode alcanzar o vento?
6. Onde pode nevar?
7. Onde será a situación máis perigosa? Por que?
8. Indaga que ríos galegos están a piques de desbordarse por mor desta borrasca.